



EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@
federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@
federaciongalegadecaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@
federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevendra@
federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
federacion@
federaciongalegadecaza.com



MUTUASPORT



**"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"**

XIX CAMPIONATO GALEGO DE CANS DE RASTRO SOBRE COELLO

Valga (Pontevedra)
5 outubro 2019





Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN FEDERACIÓN
DEPORTIVAS GALEGAS

Sociedade "San Huberto" de Valga



SOLOGNAC



NON

Protección e promoción do deporte
e da saúde pública mediante
a práctica do deporte.
Sen ningún obxectivo de lucro.



**STOP
VIOLENCIA
XÉNERO**

COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente da Federación Galega de Caza

DON FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRA

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza en Pontevedra

DON ANTONIO BOUZÓN CASTROMAN

Presidente da Sociedade de Cazadores San Huberto

DON JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza

DIRECTOR DA PROBA

DON JAIME GONZÁLEZ PENELAS

ÓSCAR MEIJIDE VARELA

Delegados de Rastro da Federación Galega de Caza

XURADO DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos equipos provinciais, mailo director da competición.

XUÍCES

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC.

REGULAMENTO

O Campionato Galego de Cans de Rastro sobre Coello rexerase polo vixente regulamento da FGC e pola actual Normativa de Competicións.

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Segundo a vixente Normativa da FGC, participarán 11 equipos (3 por A Coruña, 3 por Lugo, 2 por Ourense e 3 por Pontevedra) mailo campión da edición anterior e 2 clasificados da Copa Galicia.

As inscricións realizaranse na Federación Galega de Caza mediante as actas dos correspondentes campionatos provinciais, ata o día 1 de outubro.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas e dorsais realizarase o mesmo día da proba no lugar de concentración.

PROGRAMA

DÍA: 5 de outubro de 2019

LUGAR: A competición desenvolverase no Tecor da Sociedade de Cazadores San Huberto - Valga

HORARIOS:

- 7:30 h – Concentración no Bar Beer's, Barrio Tarroeira, 3, 36640 Pontecesures, Pontevedra (coordenadas: 42°42'19.4"N 8°39'02.5"W).
- 08:00: Comezo da Competición.
- 14:30: Clausura da Competición, xantar e entrega de Premios en Parrillada Ribeira Sacra Lugar Bronllo, 5a, 36646, Pontevedra (coordenadas: 42°40'13.8"N 8°38'12.9"W).

Os acompañantes que desexen asistir ao xantar de clausura deberán comunicalo previamente e pagar o correspondente ticket.

Para poder inscribirse e participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade. As inscricións dos seleccionados provinciais realizarase mediante acta do Campionato Provincial. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC, os deportistas que participen en competicións nas que non se usen armas os participantes deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único R.